

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 21.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 21 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 50310 (10/CPC-000110)
Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para os efectos de presentar a Memoria de servizo público da Corporación RTVG, S.A. correspondente ao exercicio 2018, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido nos artigos 45 e 48 da Lei 9/2011
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 50087 (10/POC-007903)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG para seleccionar as noticias durante os meses de abril e maio, en que se celebraron as eleccións xerais, municipais e europeas e, en particular, as emitidas o día 14 de maio en relación cos gobernos municipais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 481, do 29.05.2019
- 2.2 50142 (10/POC-007910)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns do horario elixido pola CRTVG para a emisión e redifusión dos debates electorais, os datos referidos á audiencia que tiveron e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 482, do 04.06.2019
- 2.3 50393 (10/POC-007935)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre o cumprimento dos criterios de pluralismo político e obxectividade nos telexornais da TVG durante as pasadas campañas electorais e as razóns da emisión de debates ao respecto en horario de mañá, así como as mobilizacións que veñen facendo os traballadores da CRTVG e as actuacións previstas para mellorar o clima de relacións laborais nela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día




1.1 50310(10/CPC-000110)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para os efectos de presentar a Memoria de servizo público da Corporación RTVG, S.A.

correspondente ao exercicio 2018, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido nos artigos 45 e 48 da Lei 9/2011

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



Trasládolle escrito do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia no que solicita comparecer perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA SERRODANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 29/05/2019 14:36:16

CVE: 107410101
Verificación: <http://sede.parlamento.galicia.es>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia





CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Dirección Xeral

entrada nº	saída nº
	034
data	29-MAI-2019

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

29 MAI. 2019
ENTRADA
Num. 208

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

Por medio da presente solicito a comparecencia diante da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, aos efectos de presentar a Memoria de Servizo Público da Corporación RTVG. S.A. correspondentes ao exercicio 2018, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido la Lei 9/2011, artigos 45 e 48.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019.

O Director xeral da
Corporación Radio e Televisión de Galicia

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Dirección Xeral

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS,
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 50087(10/POC-007903)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG para seleccionar as noticias durante os meses de abril e maio, en que se celebraron as eleccións xerais, municipais e europeas e, en particular, as emitidas o día 14 de maio en relación cos gobernos municipais

Publicación da iniciativa, 481, 29.05.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

O persoal da CRTVG leva case un ano convocando os #VenresNegros para denunciar as inxerencias políticas que sofre no seu día a día. Así, está a demostrar que a corporación pública conta cun corpo de profesionais valentes e comprometidos.

Durante as eleccións municipais do mes de maio, a manipulación política da CRTVG resultou aínda máis evidente que de costume. Sirvan como exemplo as seguintes noticias emitidas nos telexornais do mediodía e do serán o día 14 de maio.

- Rematan os trámites para iniciar as obras do paseo fluvial de Arteixo (PP).
- Ourense conta desde hoxe con novos efectivos para reforzar a seguridade cidadá (PP).
- Novo centro de saúde en construción en Pereiro de Aguiar (PP).
- No polígono da Grela, na Coruña, piden vixilancia policial para poñer freo ao roubo de coches (Marea Atlántica).
- Malestar en Sarria porque continúan paralizadas as obras de ampliación do cemiterio (PSdeG).
- O estacionamento nunha rúa de Santiago está a xerar conflitos entre os veciños e o Concello (Compostela Aberta).
- Caos circulatorio e firme deteriorado no “leiraparking” do hospital de Lugo (PSdeG).





Contrasta que, por unha banda, os informativos subliñen os éxitos que se acadan nos concellos gobernados polo Partido Popular mentres que, por outra, se expoñan os problemas que afrontan as localidades con alcaldías socialistas ou das mareas.

Non sorprende que isto aconteza, dende logo, porque é o mesmo que leva sucedendo dende fai anos: o Goberno de Núñez Feijóo emprega a televisión e a radio de tódolos galegos e galegas non para informar, senón para trasladar a súa propaganda. Polo ben da saúde democrática da nosa terra, isto ten que rematar. A Xunta de Galicia ten que poñer fin de inmediato ao secuestro da CRTVG.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que criterios informativos conduciron a selección de noticias da CRTVG durante os meses de abril e maio, nos que se celebraron eleccións xerais, municipais e europeas?
- De verdade pensan que as noticias seleccionadas foron ecuánimes, que reflexaron imparcialmente o que acontecía?
- Como explican que o 14 de maio tódalas noticias que afectaban a gobernos municipais do PP foran positivas mentres que tódalas noticias que afectaban a gobernos municipais doutra cor política foran negativas?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2019 17:38:28
Nº Registro: 50087
Data envío: 22/05/2019 17:38:28.647



- Como explican que esta fora a tónica dominante durante todo o mes de maio?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/05/2019 17:33:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/05/2019 17:34:00

CSV XERXISTRO: 01031119
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 50142(10/POC-007910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do horario elixido pola CRTVG para a emisión
e redifusión dos debates electorais, os datos referidos á
audiencia que tiveron e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 482, 04.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 13:53:03
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 24/05/2019 13:53:03.399

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a emisión de debates electorais e o horario elixido para a súa difusión e re-difusión.

Con motivo das dúas últimas convocatorias electorais (Xerais, Municipais e Europeas) a CRTVG emitiu diversos debates de acordo coa súa misión de servizo público ao igual que fixeron, a modo de exemplo, as demais corporacións públicas da nosa contorna.

Porén, o horario elixido pola CRTVG para os emitir distou moito do acontecido noutras canles. Así, a TVG difundíunos en horario de mañá (a partir das 10.15h) a través da primeira canle (TVG-1) e no marco do magazine de mañá, Bos días, para despois repoñelos a partir das 22.45 h. na segunda canle (TVG-2).

A modo de contraste, podemos ver como as televisións pública española, vasca e catalá, optaron por emitir estes os seus debates en horario de máxima audiencia (a partir das 22 horas) polas primeiras canles e non como parte doutros espazos informativos senón con independencia destes.

CSM-REXISTRO03WpCZpco0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 13:53:03
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 24/05/2019 13:53:03.399

Certo é que a Lei 9/2011 de medios públicos non regula os debates electorais, cuestión que o Bloque Nacionalista Galego (BNG) criticou no proceso de tramitación da lei e defendeu incluír, toda vez que os debates electorais son un dereito para o conxunto da sociedade e unha garantía democrática que posibilita o contraste de ideas, opinións e proxectos entre as distintas forzas políticas.

Porén, si que aparecen recollidos no Mandato Marco (2015) como parte da cobertura informativa durante os procesos electorais:

Artigo 26. Procesos electorais.- Nos procesos electorais, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, así como as resolucións emanadas das respectivas xuntas electorais serán de aplicación á hora de establecer os criterios de representación e proporcionalidade nos espazos gratuítos, na información electoral e nos debates.

Así mesmo, o artigo 21 do devandito Mandato Marco, obriga a CRTVG a adecuar na súa programación os “horarios respecto da audiencia potencial. A Corporación RTVG, dentro do marco dos seus obxectivos, adecuará os contidos e os horarios das súas programacións, así como os das súas promocións, ás expectativas da súa audiencia potencial”.

Neste senso, semella que emitir un debate nun día laborábel e en horario de mañá non se axusta ao criterio de adecuación da audiencia potencial pois o electorado está composto por persoas maiores de idade que, malia os elevadísimos índices de desemprego que se rexistran no noso país, ás 10.15 horas está no seu posto de traballo ou na universidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 13:53:03
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 24/05/2019 13:53:03.399

De facto, os maiores índices de cota de pantalla (share) rexístranse –en todas as televisións, públicas e privadas, tamén na TVG-- no denominado prime time, é dicir entre as 22h—24h.

Fronte ás críticas por esta decisión, a Corporación ten saído ao paso a través das súas contas oficiais na RR.SS, afirmando que os debates se difundiron de novo a partir das 22.45h na segunda canle. Cómpre lembrar e salientar que de acordo cos datos oficiais a TVG-2 rexistra unha audiencia media por baixo do 1% no total do día fronte á primeira canle que se sitúa no 10%.

Para o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a decisión adoptada pola CRTVG nos últimos procesos electorais furta o dereito da cidadanía a se informar e poder contrastar a través do democrático e san debate, as distintas opcións, ideas e proxectos que concorren electoralmente ao non adaptar a emisión dos debates electorais aos espazos de máxima audiencia (prime time) na canle que máis televidentes congrega (TVG-1) co obxectivo de cumprir así a súa misión de servizo público.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que decidiu a CRTVG emitir en horario de mañá os debates electorais (a parti das 10.15h) e programou a súa redifusión a partir das 22.45h na TVG-2?



CSV: REXISTRO03WPCZpro0

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 13:53:03
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 24/05/2019 13:53:03.399

- Que audiencia tiveron estes debates na primeira canle? E na segunda?
- Que audiencia tivo a TVG-1 en prime time nos distintos programas que se emitiron os días dos debates?
- Cre a CRTVG que cumpriu con esta decisión a súa misión de servizo público?
- Pensa mudar esta decisión a futuro?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



CSM_FEXYSTRO03WPCZpro0

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 13:53:03
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 24/05/2019 13:53:03.399

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2019 13:52:16

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2019 13:52:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2019 13:52:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2019 13:52:24

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2019 13:52:26

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2019 13:52:28

CSV REXISTRO: FROc3WpCzpro0
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 21.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 50393(10/POC-007935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos criterios de pluralismo político e obxectividade nos telexornais da TVG durante as pasadas campañas electorais e as razóns da emisión de debates ao respecto en horario de mañá, así como as mobilizacións que veñen facendo os traballadores da CRTVG e as actuacións previstas para mellorar o clima de relacións laborais nela

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2019 17:02:10
Nº Rexistro: 50393
Data envío: 31/05/2019 17:02:10.424

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos tempo denunciando a manipulación informativa existente na CRTVG, en concreto dos telexornais. Durante a campaña electoral das eleccións municipais e europeas do 26 de maio, mantívose a falla de obxectividade e de pluralismo político nos medios de comunicación públicos. Un dos moitos exemplos deuse o pasado 14 de maio no telexornal no que alghnas das novas emitidas foron as seguintes:

- Rematan os trámites para iniciar as obras do paseo fluvial de Arteixo (PP).
- Ourense conta desde hoxe con novos efectivos para reforzar a seguridade cidadá (PP).
- Novo centro de saúde en construción en Pereiro de Aguiar (PP).
- No polígono da Grela, na Coruña, piden vixilancia policial para poñer freo ao roubo de coches (Marea Atlántica).
- Malestar en Sarria porque continúan paralizadas as obras de ampliación do cemiterio (PSdeG).
- O estacionamento nunha rúa de Santiago está a xerar conflitos entre os veciños e o Concello (Compostela Aberta).

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROZT02wlv07
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2019 17:02:10
Nº Rexistro: 50393
Data envío: 31/05/2019 17:02:10.424

- Caos circulatorio e firme deteriorado no “leiraparking” do hospital de Lugo (PSdeG).

A maiores, durante as pasadas campañas electorais, a CRTVG emitiu, ao igual que as demais canles públicas do noso país, diferentes debates. Mais cunha diferenza moi notable e significativa, no caso da CRTVG estas emisións difundíronse na TVG en horario de mañá a través da primeira canle, para despois repoñelos a partires das 22.45 h. na segunda canle (TVG-2), sen embargo en TVE, TV3 e ETB estes debates emitíronse polas primeiras canles a partires das 22 horas, é dicir, en horarios de máxima audiencia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera que os telexornais cumpriron durante as pasadas campañas electorais os criterios de pluralismo político e obxectividade?

2ª) Cales cre que son os motivos polos que os traballadores e traballadoras da CRTVG levan máis dun ano mobilizándose contra a manipulación informativa nos medios de comunicación públicos galegos?

3ª) Que ten previsto facer para mellorar o clima de relacións laborais na CRTVG?

4ª) Por que se celebraron os debates electorais en horario de mañá?

5ª) Que índice de audiencia tiveron?

6ª) En próximas citas electorais, ten previsto a CRTVG manter os debates fóra do horario de máxima audiencia?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 31/05/2019 16:58:34



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2019 17:02:10
Nº Registro: 50393
Data envío: 31/05/2019 17:02:10.424

Julio Torrado Quintela na data 31/05/2019 16:58:41

CSV REGISTRO:ZT0zWjd7
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es